



*Este espazo convírtese nun punto de encontro para os profesionais do sector*

## **O CEIDA organiza o II Foro galego de Educación Ambiental**

Os educadores e educadoras ambientais galegas falarán dos proxectos, programas e campañas nas que están a traballar

***Oleiros, 22 de febreiro de 2008.***- O vindeiro 1 de marzo, os educadores e educadoras ambientais galegos reuniranse no Castelo de Santa Cruz, en Oleiros, durante o **II Foro galego de educadoras e educadores ambientais** organizado polo CEIDA e a SGEA – Sociedade Galega de Educación Ambiental –; coa colaboración da Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia.

Na xornada, que dura todo o día, poñerase de relevo as actividades, proxectos, programas e campañas de educación ambiental nas que están a traballar os distintos profesionais desta materia en Galicia. De esta forma, preténdese converter este espazo nun punto de encontro para os profesionais do sector.

Outro dos temas a tratar neste II Foro galego son os problemas do sector. Aquí, os educadores e educadoras ambientais valorarán a necesidade de crear unha base de datos de profesionais e como sería a forma máis útil de funcionamento.

Os interesados poden solicitar máis información no teléfono 981 630 618, no email [educacion@ceida.org](mailto:educacion@ceida.org) ou a través da páxina web [www.ceida.org](http://www.ceida.org).

*O CEIDA, froito dun convenio de colaboración entre a Consellería de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostible da Xunta de Galicia, a Universidade da Coruña e o Concello de Oleiros, é o centro de referencia para a educación ambiental en Galicia; promove a educación ambiental en todos os sectores sociais e o intercambio científico e cultural; traballa na procura de solucións aos problemas ambientais e fomenta as boas prácticas cidadás neste eido.*